

## ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria do Clube de Montaña Xistra celebrada o día 24 de xaneiro de 2014 as 20:15 horas, no Edificio das Federacións Deportivas de Vigo, rúa Fotógrafo Luís Ksado 17, 36209 de Vigo.

### **Orde do día:**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2013
3. Resumo de actividades 2013, proxecto 2014.
4. Axudas a deportistas.
5. Rogos e preguntas.

#### Punto 1

Saúda o Presidente, e escusa a asistencia do Tesoureiro por cuestións particulares. Indícase que o baremo de axudas por actividades está exposto no taboleiro. Lee a acta anterior a cal é aprobada por unanimidade.

#### Punto 2

En ausencia do Tesoureiro, o Presidente expón as contas anuais e son aprobadas por unanimidade. Apróbase tamén a apertura dunha conta bancaria en B.Sabadell para eventos abertos a non socios.

#### Punto 3

Faise un resumo con imaxes das actividades de 2013 e o Presidente expón as actividades para 2014. Fai fincapé en que o club organizará a XLI Reunión e Marcha Nacional de Montañeiros Veteranos FEDME, polo que pide voluntarios. Así mesmo expón o proxecto novidoso e de proba de marchas de 25 quilómetros. Faise presentación dalgunhas das actividades para 2014 así como a organización de concursos deportivos, que será proximamente difundidos na web do club.

#### Punto 4

Faise un rápido resumo das actividades e participantes por evento, polo que repártense as axudas do baremo. Infórmase de que incrementase un pouco a cantidade destinada a axudas sobre o presupostado de 1500€ xa que houbo gran participación.

#### Punto 5

Eduardo Barrosa pregunta por que crear unha conta no B.Sabadell. A explicación é para separar os ingresos xerais dos especiais de eventos deportivos. A proximidade dunha oficina bancaria desta entidade é o motivo principal.

Xosé Lois Freixeiro propón realizar máis saídas en grupo ó monte, fora das andainas programadas, por exemplo a Picos de Europa ou similar. Hai varios socios que acollen ben a idea e pensan participar.

Pilar del Moral pregunta se as Andainas de 25km puntuarán no baremo. O Presidente explica que son actividades do club e, de momento, non entran no calendario da Federación, polo que non puntuarán neste 2014. O Presidente agarda poder fomentar estas actividades dentro do calendario federativo en próximos anos.

Sen máis asuntos que tratar levántase acta e finaliza a Asemblea Xeral.

### **ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**

Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria do Clube de Montaña Xistra celebrada o día 24 de xaneiro de 2014 as 21:30 horas, en segunda convocatoria, no Edificio das Federacións Deportivas de Vigo, rúa Fotógrafo Luís Ksado 17, 36209 de Vigo.

Punto único na orde do día:

#### **1. Modificación dos Estatutos do Club**

Punto 1

No momento da Asemblea Xeral Extraordinaria o número de socios con dereito a voto ascende a 54, estando presentes 16, polo que queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

O Presidente explica que o motivo da modificación dos Estatutos é por imperativo legal, e o obxectivo é a súa adecuación ós requisitos da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

O Presidente dá lectura á proposta de novos estatutos segundo o documento remitido anteriormente ós socios.

Finalizada a lectura, sométese a votación de aprobación e recibe o cen por cen dos votos asistentes. Quedan aprobados por unanimidade.

Levántase a sesión ás 22:10 horas.